



Concello de
Redondela



Redondela é Deporte
CONCELLERÍA DE DEPORTES
Concello de Redondela

REGULAMENTO V CARREIRA POPULAR INFANTIL CONCELLO DE REDONDELA

O SÁBADO 20 de setembro de 2025, terá lugar no Concello de Redondela a V edición da Carreira popular infantil deste Concello, organizada polo Concello de Redondela, e contando coa colaboración da Asociación deportiva C.A.R.

1- CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN:

As categorías de competición serán as seguintes:

Pitufos	Nados entre os anos 2020 e 2023
Sub 8	Nados entre os anos 2018 e 2019
Sub 10	Nados nos anos 2016 e 2017
Sub 12	Nados nos anos 2014 e 2015
Sub 14	Nados nos anos 2012 e 2013
Sub 16	Nados nos anos 2010 e 2011

2- HORARIO DAS PROBAS e DISTANCIAS:

HORARIO	CATEGORÍA	DISTANCIA
18:00	Pitufos	50 m. aproximadamente
18:30	Sub 8	150 m. aproximadamente.
18:45	Sub 10	300 m. aproximadamente.
18.45	Sub 12	600 m, aproximadamente.
19:00	Sub 14	800 m. aproximadamente.
19:15	Sub 16	1500 m. aproximadamente.
19:30	Entrega de trofeos.	

3- INFORMACIÓN E INSCRICIÓN:

As inscricións realizaranse on line na páxina web de Cronotec.

As inscricións cerrarán o mércores, día 17 de setembro. Non haberá cota de inscrición.

Non haberá control de tempos para as categorías dende pitufos ata sub 10, polo que non se xerará lista de resultados finais. As categorías sub12, sub 14 e sub 16 levarán chip no dorsal.

4- RECOLLIDA DE DORSAIS:

Os dorsais de competición poderán recollerse nos soportais do Concello de Redondela ata MEDIA HORA ANTES DO INICIO DE CADA CARREIRA.

5- SAÍDA E CHEGADA DAS PROBAS:

A saída e meta das probas dende Pitufos ata sub 10 será na Alameda Castelao.

A saída das categorías sub12, sub 14 e sub 16 estará ubicada na rúa Alfonso XII e a meta estará ubicada na mesma rúa, concretamente fronte a Casa do Concello.

6- PREMIOS E AGASALLOS:

Haberá medallas para tódolos participantes.

Para as categorías sub12, sub 14 e sub 16 haberá trofeos, para os tres primeiros e tres primeiras clasificadas.

Todos/as os/as inscritos gozarán dun avituallamento líquido e sólido ao finalizar o evento. Haberá a disposición dos atletas colectores de lixo polo que agradecemos que ao rematar depositen o lixo neles.

7- SERVIZOS MÉDICOS:

A organización disporá dos servizos médicos obrigatorios, seguro de accidentes deportivos e responsabilidade civil.

.